

Eloxio da investigación básica

O Grupo de Neurociencia e Control Motor da Universidade da Coruña (NEUROcom) indaga en iniciativas como a mellora na vida dos enfermos de párkinson

■ Achegarse aos investigadores do Grupo de Neurociencia e Control Motor da Universidade da Coruña, escoitar a paixón e a convicción coa que desgrana a súa filosofía Javier Cudeiro Mazaira, o seu fundador e responsable, como explica o devenir do colectivo, onde van e onde queren chegar... Todo iso serve para entender que a investigación na universidade é algo máis que crear un enxeño para que se aplique de xeito case inmediato. En tempos nos que todo, ata o traballo de laboratorio, tinguéuse de frenesí, no campus coruñés de Oza reivindicán a importancia de marcar os tempos. «A idea dun científico é, en último término, mellorar a vida do cidadán, pero no inmediato é xerar coñecemento e que se poida aplicar ou servir de base para xerar máis e que un día chegue a ser aplicable. O que non se pode é coller atallos e obrigar a que moitos investigadores, para obter financiamento, teñan que poñer a etiqueta de aplicable a algo aínda que logo non se cumpre», reflexiona Cudeiro.

E non é que en Oza sexan remisos a desenvolver aplicativos a partir da súa investigación. É unha cuestión de facelo de xeito natural, matizan. «A medida que os datos xurdían no laboratorio vimos que había cuestións que se podían trasladar aos pacientes», relatan. Iniciouse así un camiño que aínda ten percorrido. Cudeiro reclama a curiosidade como un dos principais patrimonios do científico. E así se puxeron a indagar nun vello descubrimento dun investigador británico que



CÉSAR QUIJAN

O grupo que lidera Cudeiro, nas dependencias universitarias

■ O grupo naceu porque quería entender cómo funciona o sistema visual

observou como os enfermos de Parkinson que se bloqueaban ao andar, activábanse en canto lles ofrecían unha referencia sensorial que podía ser visual, ao estilo dunhas liñas sobre o chan, ou auditiva (algo similar

a un metrónomo). Traballaron e traballan en atopar un porqué e na procura da resposta xurdiu unha aplicación. «O enfermo si ten capacidade para apertar un botón dun dispositivo que leve no cinto e ese aparatío xeraría un sinal que pode recibir mediante un auricular ou unhas lentes preparadas ao efecto», explica Javier Cudeiro. O enxeño ten un prototipo e espera que unha empresa se anime a comercializalo, pero en NEUROcom durante anos apenas tiveron relación co mundo empresarial. «Fai tan só ano e

medio que contactamos con dúas empresas interesadas no que facemos, que son Colabora Enxeñeiros e Mestrelab, as dúas galegas», comentan.

Esa escasa visibilidade pode mudar cun proxecto no que os grupos de investigación que traballan en Oza teñen posto a súa foco: o novo Centro de Innovación Tecnolóxica que albergará en Elviña a laboratorios que traballan en cuestións de dependencia e terceira idade. «Será aí cando teñamos máis elementos para dar o salto e facer produción tecnolóxica que se poida transferir a empresas con patentes ou procedementos», augura Cudeiro sobre un proxecto denominado Asista. Pero fía ese escenario a dous anos vista. Mentres tanto seguirán explorando outras liñas. «O grupo naceu porque queriamos entender como funciona o sistema visual e esa liña básica de traballo evoluciona cara a temas relacionados coa atención visual que podería relacionarse no futuro cos déficit de atención, por exemplo en nenos, ou en estudar os mecanismos do soño, fundamentalmente o que controla no noso cerebro o cambio de soño á vixilia». E farano co soporte da Administración. «Na Consellería de Innovación e Industria financiáronnos a investigación do Parkinson e na Consellería de Educación dándonos apoio por ser grupo de referencia competitiva. É para estar agradecidos porque souberon ver que un grupo de investigación básica pode xerar calidade e non cortarnos as ás», apostilla Javier Cudeiro.